

**DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL (QUENDA LIBRE)  
CONCELLO DE VIGO – OEP 2014-2015-2016 (3ª FASE)****ANUNCIO  
RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS 1º EXERCICIO (TEST 04.09.2021) –  
NOVAS PUNTUACIÓNS –  
REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO (TEMAS)****RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS**

O Órgano encargado de seleccionar, mediante oposición libre, a un/unha DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL, correspondente á OEP 2014-2015-2016 do Concello de Vigo acordou, na súa sesión do 14.09.2021, logo de examinar as 7 alegacións presentadas ó resultado do 1º exercicio (test) deste proceso selectivo, o seguinte:

1º.- ESTIMAR as alegacións presentadas en relación coa pregunta nº 11 polas persoas aspirantes con Códigos ID núms. 1141, 1652 e 1185, tendo en conta a incidencia sobre a mesma da vixente L.8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, que entrou en vigor o 03.09.2021. Sirva de contexto e xustificación complementaria á aceptación desta reclamación, o feito de que a outra pregunta do cuestionario referida a este mesmo tema (nº 17) referenciábase xa, expresamente, á precitada L.8/2021. Esta estimación comporta anular a pregunta nº 11, que será substituída pola primeira das preguntas de reserva do test (nº 51).

2º.- DESESTIMAR a alegación presentada en relación coa pregunta nº 12 pola aspirante con Código ID nº 1874 por considerar o Órgano de selección que o seu contido, relativo ós dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución, sí forma parte do Tema 1 do temario xeral da praza de DTS, referido á Constitución Española de 1978.

3º.- DESESTIMAR as alegacións deducidas fronte á pregunta nº 21 polas aspirantes con Códigos ID núms. 1707, 1741 e 1396, tendo en conta que os cuestionarios test entregados a todos/as os/as participantes nesta proba estaban redactados simultaneamente, a dobre columna, en idiomas galego e castelán, polo que calquera eventual dúbida sobre a correcta tradución ó galego da verba “guarda” (“custodia”, no exame en galego) puido ser despexada sen maior dificultade acudindo á versión en castelán, na marxe dereita do mesmo cuestionario, cuxo texto é reprodución fiel e exacta do contido literal do Art. 19.2 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica dos menores.

4º.- DESESTIMAR as alegacións formuladas á pregunta nº 46 polas aspirantes con Códigos núms. 1652 e 1874. Considérase correcto o enunciado desta pregunta e axustado ó precepto aplicable (que non se pretende reproducir literalmente) e correcta tamén a resposta dada como válida; a d): “Todas as respostas anteriores son correctas”, sen que a ausencia da referencia expresa ó *domicilio* na resposta c): “No suposto de ausencia temporalmente”, teña relevancia para non considerala tamén como correcta. A maiores, o feito de que un total de 16 dos/as 19 aspirantes que realizaron o exercicio marcasen a resposta dada como correcta, semella avalar a corrección e claridade tanto do enunciado da pregunta obxecto de impugnación como da resposta admitida como válida.



5º.- INADMITIR, por extemporánea, a alegación presentada o 10.09.2021 pola aspirante con Código nº 1185. En calquera caso, como se expresou anteriormente, Órgano de selección decidiu anular a pregunta impugnada (n.º 11) en base ás alegacións presentadas, en prazo, polas outras persoas aspirantes con idénticos ou semellantes razonamentos ós contidos no seu escrito de alegacións.

A resultados da estimación das impugnacións referidas á pregunta nº 11 do test, o Órgano de selección acorda anular a mesma e, conforme ó previsto, dispoñer a súa substitución pola primeira pregunta de reserva (nº 51).

### RESULTADOS NOVA CORRECCIÓN TEST – DTS 2021 (04.09.2021)


Da nova corrección realizada o mesmo día, 14.09.2021, polo operador do Servizo de Admón. Electrónica do Concello de Vigo, obtivéronse os seguintes resultados:

ID	CORRECTAS	INCORRECTAS	NON RESPONDIDAS	NOVA PUNTUACIÓN
1096	34	10	6	5,8
1118	40	7	3	7,3
1129	37	7	6	6,7
1130	31	10	9	5,2
1141	48	0	2	9,6
1163	26	17	7	3,5
1185	36	8	6	6,4
1230	38	7	5	6,9
1252	37	8	5	6,6
1285	40	6	4	7,4
1307	31	9	10	5,3
1329	32	4	14	6,0
1396	37	1	12	7,3
1652	46	2	2	9,0
1707	46	3	1	8,9
1741	43	1	6	8,5
1774	44	2	4	8,6
1874	36	5	9	6,7
1985	38	2	10	7,4

Contra a resolución das alegacións presentadas e as novas puntuacións resultantes caberá a interposición de recurso de alzada perante a autoridade que nomeou ós integrantes deste Órgano de selección (Arts. 121-122 L.39/2015 – LPACAP e Base Décimo sétima), sen prexuízo de que poidan deducir calquera outro que estimen procedente conforme a dereito.

### REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO (TEMAS)

Convócase ós/ás aspirantes que superaron o 1º exercicio (test) para a realización do segundo exercicio deste proceso selectivo, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en responder por escrito durante un tempo máximo de dúas (2) horas a catro (4) temas escollidos ó chou dos que figuran como anexo ás Bases (1 do temario xeral e 3 do temario específico). A proba terá lugar o vindeiro día 23 DE SETEMBRO DE 2021, XOVES, ás 10:00h nas AULAS 7 e 8 do 5º ANDAR do AUDITORIO MAR DE VIGO. O chamamento realizarase no portal de acceso ó recinto, na Avda. Beiramar nº 59. Deberán comparecer provistos/as de DNI e bolígrafo.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/09/2021 12:44	Páxina 2 de 3
	Expediente 37989/220	CSV: 2F86A8-A35D44-E74C2B-MQ3NSV-SM69NU-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Reitéranse as medidas de protección fronte ó contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas nos Protocolos publicados na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=364&lang=ga>).

Vigo, [data da sinatura electrónica]  
O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN  
Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/09/2021 12:44

Páxina 3 de 3

Expediente 37989/220

CSV: 2F86A8-A35D44-E74C2B-MQ3NSV-SM69NU-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>